



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 634
20 de maio de 2020



CSV: BOPGDSPGhvH6jDKTh2

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.9. Protección de datos de carácter persoal

■ Resolución da Oficialía Maior do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2020, en relación coa modificación do Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia [202739](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.9. Protección de datos de carácter persoal

Resolución da Oficialía Maior do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2020, en relación coa modificación do Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, o 20 de marzo de 2019, aprobou o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia.

O 23 de abril de 2019, por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, modifícase o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia, polo que se faculta a Oficialía Maior a realizar no Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal as modificacións que sexan necesarias sen prexuízo do seu posterior informe á Mesa do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, segundo as recomendacións da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), en relación coa toma de temperatura nos centros de traballo e outros establecementos, con relación a medidas encamiñadas a previr novos contaxios de covid-19, faise preciso incluír unha nova actividade de tratamento no Rexistro de actividades, que figura no anexo desta proposta, referida á medida de comprobación de control de temperatura corporal con cámara térmica para acceso ao Parlamento de Galicia coa única finalidade evitar a propagación da infección por SARS-CoV-2. Medición da que se deberá dar publicidade nas portas de entrada do edificio, co seguinte texto:

«No marco das medidas orientadas á contención da covid-19, e para velar pola saúde do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia e a das restantes persoas que accedan ao edificio, estas instalacións contan cun sistema de control da temperatura corporal.

A medida ten como única finalidade evitar a propagación da infección por SARS-CoV-2, e o tratamento dos datos de carácter persoal efectuarase conforme o disposto no Rexistro de tratamento número 28, *Medida especial, fronte á expansión da covid-19, de control de acceso ó Parlamento de Galicia mediante a comprobación da temperatura corporal con cámara térmica*. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento Xeral de Protección de Datos, a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>, na que dispoñen de información adicional».

En consecuencia, á vista do disposto no Regulamento de protección de datos, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e nos artigos 17 c) e 12.1. n) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), esta Oficialía Maior resolve:



Modificar o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia para engadir a actividade de tratamento denominada «Medida especial, fronte á expansión da covid-19, de control de acceso ao Parlamento de Galicia mediante a comprobación da temperatura corporal con cámara térmica», e incluíla na relación do Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia, conforme se achega no documento anexo.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2020
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

28. MEDIDA ESPECIAL, FRONTE Á EXPANSIÓN DA COVID-19, DE CONTROL DE ACCESO AO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE A COMPROBACIÓN DA TEMPERATURA CORPORAL CON CÁMARA TÉRMICA

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión: pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Protexer intereses vitais da persoa interesada ou doutra persoa física (art.6.1.d do RXPd), e tratamento dunha categoría especial de datos persoais necesario por razóns de interese público no ámbito da saúde pública conforme o disposto no artigo 9.2.i do RXPd.



FINS

Comprobación da temperatura corporal, como medida preventiva da expansión da covid-19, no acceso ao edificio do Parlamento de Galicia, mediante o uso de cámara térmica, con expresa finalidade de detectar posibles persoas con síntomas térmicos compatibles con situacións de contaxio e evitar o seu contacto con outras persoas dentro do centro de traballo, prestando unha especial atención aos principios de limitación de finalidade e minimización de datos establecidos no artigo 5.1 do RXPD.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Todas as persoas que acceden ao Parlamento de Galicia.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais:

Imaxes térmicas e lectura temperatura corporal.

Outros: non proceden.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal son tratados polo Parlamento de Galicia e pola dotación de seguridade (empresas que prestan os servizos de vixilancia e seguridade, de mantemento dos equipos, e da vixilancia da saúde).

Non están previstas transferencias de datos.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Non procede, as imaxes rexistradas non son almacenadas.


MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: «Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia».





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

